



GUÍA DOCENTE DE **HISTORIA DA MÚSICA I-III**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO,
E POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: HISTORIA DA MÚSICA APLICADA Á MUSICOLOXÍA I-III									
ESPECIALIDADE	Composición Dirección Interpretación Musicoloxía Pedagogía Produción e xestión				ITINERARIO			--- --- Todos Etnomusicoloxía Xeral e da linguaxe musical ---	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.	3	3	3						Observacións:

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento dos movementos e tendencias fundamentais da historia da música occidental, a partir da análise, a audición e o comentario do texto literario e/ou musical, con atención aos aspectos estilísticos, históricos e expresivos da tradición musical, e ao seu contexto cultural e social.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Para o primeiro cuadrimestre, os equivalentes á disciplina do grao profesional de música, e para os cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC10, ED10, E14, EM2, EM7, EP3, EPX6, EPX7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, e no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados diversos como a través da asistencia a eventos musicais, interesándose pola música máis afastada das súas preferencias persoais, con vistas a ampliar e diversificar os seus gustos.	T16, X15, X17, EM2, ED10, EM2, EM7, EP3, EPX6, EPX7
Captar, a través do análise e da audición, as características da música do período, co fin de entender a súa evolución e situar as obras musicais no tempo.	T2, X1, X4, X11, X14, X17, EM2, EM7, EC10, ED10, EM2, EM7, EP3, EPX6, EPX7
Coñecer e comprender a música do período tratado tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes nel, para desenvolver o seu sentido crítico e, no caso de que exista repertorio (real ou transcricións), con vistas a aplicar á interpretación as diferentes convencións interpretativas.	T2, T17, X1, X4, X11, X14, EM2, EM7, E14, EM2, EM7, EPX6, EPX7
Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, o pensamento e a literatura, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis destacados de cada época, para obter unha visión máis global do fenómeno musical.	T11, X12, X14, X15, X16, X26, EM2, EM7, EC10, ED10, EM2, EM7, EPX6, EPX7
Desenvolver certo grao de autonomía persoal á hora de empregar as ferramentas de investigación e recursos ao seu alcance, aplicándoos de xeito autónomo ao estudo da música, especialmente no referido ao seu repertorio, establecendo valoracións propias e razoadas sobre as características deste, cun vocabulario axeitado e respectando as opinións alleas.	T2, T3, T4, T8, T16, X10, X12, X14, X18, X26, EC10, ED10, E14, EM2, EM7, EP3, EPX6, EPX7

**4. CONTIDOS**

Recursos
A antigüedad clásica
A polifonía medieval
Auxe Da Polifonía. Séculos XV e XVI.
O Barroco musical
O Clasicismo
O Romanticismo
O Nacionalismo
O Romanticismo tardío
Os elementos da música no XX
O Impresionismo musical
A segunda escola de Viena
O Neoclasicismo.
A música de vangarda
Música e medios de comunicación,

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes	Presencial	Regular
Pescuda de información	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación:	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*